

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 9 DE XANEIRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de Xaneiro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 2 de Xaneiro do dous mil seis (Ordinaria).

2.- CUALIFICACIÓN PROVISIONAIS.

CUALIFICACIÓN PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **dona Rosalía Gómez Carballido**, con domicilio en Rúa Oporto, nº 6-4º DTA., Vigo (Pontevedra), no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na rúa Yáñez, nº 13-1º, desta vila, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **dona Rosalía Gómez Carballido**, con domicilio en Rúa Oporto, nº 6-4º DTA., Vigo (Pontevedra), no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na rúa Yáñez, nº 13-2º, desta vila, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude

proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADÁNS.

“Visto o escrito de **dona Nieves González Míguez**, con domicilio en Franqueirán, s/n (Ribadavia), co que acompaña a autorización do seu irmán, don Jaime González Míguez, e no que interesa o cambio de titularidade ao seu favor da sepultura con código 195 T do cemiterio de Ribadavia que figura a nome da súa nai dona Aurora Míguez Vázquez.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, tendo en conta a documentación presentada, acorda acceder ao solicitado, polo que a partir de presente data o recibo correspondente á sepultura xirarase a nome de dona Nieves González Míguez, agora ben, este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre o sepultura en cuestión.”

“Visto o escrito presentado por **don José Carlos González Viso**, con domicilio na rúa Eladio Rodríguez, nº 10-4ªA, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Eladio Rodríguez, nº 10-4ªA, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Marcos Vázquez Serrano**, con domicilio na rúa Muñoz Calero, nº 4-3ºE, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa rúa Muñoz Calero, nº 4-3ºE, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don José Manuel Requejo Requejo**, con domicilio na Avda. de Redondela, nº 4, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Avda. de Redondela, nº 4-1ºD, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará

aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don José Deaño Rodríguez**, con domicilio na rúa Dos Fornos, nº 14, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para uso de obra na rúa Dos Fornos, nº 14, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso de obra, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

4.- CUESTIÓNS ECONOMICAS.-

APROBACIÓN LIQUIDACIÓN AQUALIA .- SETEMBRO 2003 A SETEMBRO 2004.-

Vista a liquidación presentada pola empresa Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A., con domicilio na rúa Yáñez, nº 9-baixo, desta vila, correspondente ao período comprendido entre setembro de 2003 a setembro de 2004, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación:

CONCEPTO	RESUME LIQUIDACIÓN	
A FAVOR DE AQUALIA		
GESTIÓN DE E.D.A.R.	5.852.981 PTAS.	35.177,13 €
GESTIÓN DE E.T.A.P.	9.263.317 PTAS.	55.673,66 €
TRABALLOS VARIOS	1.077.883 PTAS	6.478,21 €
ACTUALIZACIÓN ALCANTARILLADO FIXO	509.685 PTAS.	3.063,27 €
EXECUTIVA	1.259.628 PTAS	7.570,52 €
TOTAL (A favor de Aqualia)	17.963.495 PTAS.	107.962,78 €
A FAVOR DO CONCELLO		
COBROS DE SANEAMENTO	8.708.916 PTAS.	52.341,64 €
CANON	9.390.003 PTAS.	56.435,05 €
TOTAL (A favor Concello)	18.098.919 PTAS	108.776,69 €

TOTAL LIQUIDACIÓN	135.424 PTAS	813,91 €
TOTAL COMPENSACIÓN (A FAVOR DO CONCELLO)	135.424 PTAS.	813,91 €

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda conceder as subvencións que de seguido se relacionan e polos importes que se indican:

-Comisión de Festas Santa Lucía, Prexigueiro, ano 2005: 150 euros.

A concesión das subvencións rexerese pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación aos fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións.”

5.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.